

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

15027 *Corrección de erros do Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e se regula a certificación dos aeroportos de competencia do Estado.*

Advertidos erros no Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e se regula a certificación dos aeroportos de competencia do Estado, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 132, do 1 de xuño de 2009, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 10, artigo 12.3, parte 5, letra b), onde di: «conforme o disposto na disposición derradeira primeira», debe dicir: «conforme o disposto na disposición adicional primeira».

Na páxina 95, no volume I, aeródromos, das Normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público, substitúese a redacción dada ao punto 5.4.2.17, pola seguinte redacción:

«5.4.2.17 Onde sexa apropiado, usaranse as seguintes inscricións ou símbolos:

Inscrición/símbolo	Finalidade
Designación de extremo de pista.	Para indicar todo punto de espera da pista situado nun extremo da pista.
Designación de ambos os extremos dunha pista.	Para indicar todo punto de espera da pista situado noutras interseccións de rúa de rodaxe/pista ou interseccións pista/pista.
25 CAT I (Exemplo).	Para indicar un punto de espera da pista de categoría I no limiar da pista 25.
25 CAT II (Exemplo).	Para indicar un punto de espera da pista de categoría II no limiar da pista 25.
25 CAT III (Exemplo).	Para indicar un punto de espera da pista de categoría III no limiar da pista 25.
25 CAT II/III (Exemplo).	Para indicar un punto de espera da pista de categoría II/III no limiar da pista 25.
Símbolo de PROHIBIDA A ENTRADA.	Para indicar que a entrada a unha área está prohibida.
B2 (Exemplo).	Para indicar todo punto de espera da pista establecido de conformidade con 3.12.3.»